Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
XOVES, 12 DE NOVEMBRO DE 2026 | JUEVES, 12 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 217

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Medidas de carácter obrigatorio pola inclusión do Concello de Mugardos en alerta por seca

Actividade Servizos Públicos

Procedemento Servizos Públicos

Código SIA 2640855

Expediente 2271/2026.-PLAN DE SECA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DE GALICIA-COSTA

Trámite Publicación.- Anuncio

ANUNCIO

Dáse publicidade á Resolución de Alcaldía núm. 2026-1211 pola que se adotan medidas de carácter obrigatorio pola inclusión do Concello de Mugardos en alerta por seca:

"Con data 20 de febreiro de 2023 publicouse no DOG nº 35, a ORDE da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade do 10 de febreiro de 2023 pola que se dispón a publicación da normativa do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, aproabdo polo Real Decreto 48/2023, do 24 de xaneiro.

Segundo o artigo 73.1º: "1. Durante os episodios de seca deberán adoptarse as medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga previstas na Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.".

O Concello de Mugardos integrado na Unidade UTE Ferrol (río Mera, ría de Ortigueira y ría de Cedeira) se atopa en situación de estado de alerta por escasez de auga tras a decisión adotada pola administración autonómica ante o descenso sostido dos recursos hídricos. Situación que habilita a toma de medidas específicas a partir do establecido no artigo 13 da Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situación de risco sanitario.

Con tal motivo é necesario reforzar o ámbito da colaboración veciñal e das recomendacións que xa se estaban a ter en conta, polo que ao abeiro da normativa sectorial de referencia, e en exercicio das competencias conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e correlativo da Lei de Administración Local de Galicia, por medio da presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao seguinte cadro de medidas de carácter obrigatorio en tanto se manteña a situación de alerta por seca:

1º.- Prohibir a subministración para usos e destinos non prioritarios tales como: recheo de piscinas, rega de xardíns públicos e privados, zonas verdes públicas e privadas (salvo o esencial), baldeo de rúas, láminas de auga, fontes para consumo humano sen dispositivos automáticos de peche, lavado con mangueiras de vehículos (salvo empresas dedicadas á devandita actividade), e instalacións de refrixeración e acondicio-namento que non teñan en funcionamento o sistema de recuperación.

2º. Reducir a presión da subministración entre as 22:00 horas e as 7:00 horas a domicilios e empresas.

SEGUNDO.- A inobservancia das medidas aprobadas poderá ser obxecto de sanción, de acordo co establecido na ordenanza municipal e o título VII da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, tendo en conta as especialidades do réxime sancionador en episodios de seca do art. 31 da Lei 9/2019, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario de Galicia.

TERCEIRO.- Proceder á publicación da presente Resolución no BOP, no portal de transparencia,, taboleiro de anuncios da sede electrónica e de xeito complementario na páxina web, para xeral coñecemento.

CUARTO.- Dar traslado da presente Resolución ao Pleno, á Xunta de Goberno local e á CIP de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs, na primeira sesión ordinaria que se realice."

Mugardos, a 10 de novembro de 2026.

O Alcalde

Juan Domingo de Deus Fonticoba

2026/7388

Número de anuncio 2026/7388